

Artigo 23º

O manexo e custodia dos fondos do consorcio, o cobramento dos dereitos que derivan das actividades propias deste e a confección e pagamento das nóminas do seu persoal corresponderá ao xerente.

Artigo 24º

Corresponderalle á xunta de goberno aprobar a conta xeral do consorcio.

Capítulo V**Disolución do consorcio****Artigo 25º**

Corresponderalle aos entes consorciados resolver sobre a disolución do consorcio nos termos establecidos na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, ou norma en vigor, e no artigo 11 destes estatutos.

De ser o caso de que un ente decida unilateralmente separarse do consorcio, deberá cumprir o especificado no artigo 143.3º da Lei 5/1997, do 22 de xullo.

Producida a disolución, a xunta de goberno procederá á liquidación do activo e pasivo consorcial.

Satisfeitas todas as obrigas pendentes cos entes consorciados e entidades públicas e privadas, así como cos particulares, o haber líquido repartirase entre os devanditos entes, en proporción directa á súa achega económica no exercicio inmediatamente anterior.

Artigo 26º

No non previsto nestes estatutos seguirase o disposto no ordenamento xurídico vixente aplicable á Administración local.

Disposición transitoria

Os profesores músicos integrantes do cadro de persoal actual da Orquestra de Cámara Municipal poderán incorporarse ao conxunto de carácter sinfónico Orquestra Sinfónica de Galicia, xestionado polo consorcio, logo da superación da proba selectiva correspondente, prevista no Regulamento de réxime interior da referida orquestra.

Disposición adicional

No caso de incorporación ao consorcio doutros entes ou asociacións sen ánimo de lucro, no acordo correspondente farase constar a porcentaxe de membros da xunta de goberno que lle corresponderá designar ao novo ente consorciado e procederase a reasignar a porcentaxe que lles corresponderá a partir desa data aos que xa formasen parte do consorcio.

En todo caso, o Concello da Coruña terá dereito a designar, como mínimo, o mesmo número máis

un da suma dos membros designados polos demais entes consorciados.

Disposición derradeira

Estes estatutos entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

Corrección de erros.-Resolución do 27 de decembro de 2005 pola que se regula o procedemento para a concesión de restitucións á produción no sector dos cereais e se convocan para o ano 2006.

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 249, do xoves, 29 de decembro de 2005, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 20.410, no artigo 4º, no punto 1, onde di: «...calquera día laborable antes das 17.00 horas...», debe dicir: «...calquera día laborable antes das 13.00 horas...», no punto 3, onde di: «...ata o último día do quinto mes...», debe dicir: «...ata o último día do terceiro mes...», e onde di: «...nestes períodos estará limitado a trinta días...» debe dicir: «...nestes períodos estará limitado a trinta días naturais...».

SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

Resolución do 2 de marzo de 2006 pola que se regulan as bases para a concesión de prestacións periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria.

En virtude do artigo 148.1º.20 da Constitución española e o artigo 27.23º do Estatuto de autonomía de Galicia, a comunidade autónoma asume a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

No exercicio da dita competencia o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, relacionando de entre as áreas de actuación a destinada á muller. No seu artigo 50 prevé a posibilidade de concederlles prestacións e axudas económicas a persoas que se atopen en estado de necesidade.

O Decreto 211/2005, do 3 de agosto, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e a través do Decreto 232/2005, do 11 de agosto, modificado polos decretos 332/2005, do 18 de agosto e 454/2005, do 1 de setembro, establece a estrutura dos seus departamentos. De conformidade cos referidos decretos a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asume o exercicio das competencias en

materia de políticas autonómicas, de igualdade e xénero e as de benestar.

A Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo que depende da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar adscrito á Secretaría Xeral da Igualdade, establece no seu artigo 3 como funcións deste organismo promover medidas para a consecución da igualdade efectiva das mulleres, coordinar e avaliar plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actividades que realicen as administracións locais e todas as entidades que polos seus fins contribúan para á consecución dos obxectivos previstos nesta lei.

O Parlamento de Galicia aprobou a Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes. A dita lei establece no seu título I referido as actuacións administrativas da Xunta de Galicia, e concretamente no capítulo IV sobre a violencia contra as mulleres, as medidas da erradicación da violencia tanto nas áreas da prevención, intervención como da integración. Dentro das áreas de integración a Comunidade Autónoma de Galicia posibilita que as mulleres vítimas desta violencia en estratos menos favorecidos poidan acceder ás rendas de integración e ás axudas de emerxencia.

A violencia contra as mulleres prodúcese maioritariamente no ámbito familiar e doméstico, xeralmente no contexto do propio domicilio, por parte do agresor que ten ou tiña un vínculo afectivo coa muller maltratada. Para erradicar estas situacións é necesario que conflúan múltiples factores, tendo en conta que esta lacra social pode xurdir de múltiples causas. A dependencia económica respecto do agresor é unha das razóns que dificultan as mulleres a dar o primeiro paso para romper coa situación de violencia.

Para os efectos de posibilitar unha autonomía económica que permita afrontar a erradicación desta situación, principalmente nos primeiros momentos, procede avaliar novas iniciativas por parte dos poderes públicos. O obxectivo é abordar a cuestión nas áreas de intervención e integración a través dunha prestación económica directa nos casos necesarios, que permita a ruptura da subordinación respecto ao agresor, de acordo co establecido no artigo 19.1º c) da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. O dereito á axuda vén determinado pola acreditación da situación de vítima de violencia de xénero, extremo que de xeito ordinario se constata a través da orde de protección vixente ou do informe do Ministerio Fiscal, medios de acreditación que se completan nesta norma cos informes dos servizos sociais e dos centros de acollida correspondentes, que aquí se consideran tamén documentos acreditativos desa situación para os efectos de obter esta prestación, constituíndo a finalidade desta disposición apoiar as mulleres que dispoñen dunha orde de protección en vigor, e tamén aquelas que aínda sen ter aberta a vía xudicial ató-

panse nunha situación de risco real de violencia que pode ser acreditada polos servizos de asistencia social inmediata ás vítimas como son os servizos sociais e os centros de acollida.

En consecuencia, a través desta disposición preténdense regular as bases que rexerán o procedemento de concesión dunhas prestacións dirixidas ás mulleres que sofren violencia, procedendo á apertura da súa convocatoria para o ano 2006, a nova norma aborda o perfil da beneficiaria primando a súa posición de dependencia económica do agresor que obriga á convivencia fronte á circunstancia de ser parte dun colectivo que fundamenta outro tipo de prestacións sociais, a natureza da dita prestación, as contías e o réxime de concesión. A finalidade perseguida condiciona o tratamento destas, o seu carácter social determina que cumpridos os requisitos exixidos a dita prestación sexa concedida ata a dispoñibilidade orzamentaria baixo o réxime de concorrencia non competitiva.

No Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, establécense os réximes para as concesión de axudas e subvencións públicas pola Comunidade Autónoma de Galicia, e na Lei 7/2005, do 29 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 establécense os requisitos e as normas necesarios e básicos para a xestión e actividade económico-financieira, normativa á cal, en consecuencia, se adaptará esta resolución, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade e obxectividade, agás o réxime xeral de concorrencia competitiva establecido no artigo 78.8º do decreto legislativo. Así mesmo, seralle de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As prestacións económicas que se aproben ao abeiro desta resolución financiaranse, para o exercicio actual con cargo á aplicación orzamentaria 05.80.212A.480.6 dos orzamentos deste organismo autónomo, de acordo coa Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, reservándose para tal efecto un crédito de 1.100.000 euros. Para o financiamento das subvencións plurianuais correspondentes ás prestacións que pola súa duración xeren dereitos económicos das beneficiarias durante o exercicio seguinte, circunstancia suxeita á autorización previa do Consello da Xunta, estableceranse os correspondentes compromisos de gasto dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente, de conformidade con prazos de percepción, reservándose inicialmente un crédito de 550.000 euros, aténdose ao disposto, para os efectos oportunos, no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo

que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Por todo o disposto, en uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade.

1. Esta resolución ten por obxecto establecer as bases que rexerán a concesión de prestacións económicas, individuais e de carácter periódico, de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero, baixo o réxime de concorrencia non competitiva.

2. A finalidade destas prestacións é proporcionar-lles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para lles garantir unhas condicións suficientes de seguridade económica respecto do agresor que lles posibiliten dar o primeiro paso para romper coa dita situación.

Artigo 2º.-Beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas mulleres que, residindo na Comunidade Autónoma de Galicia e acreditando unha situación de convivencia que as poña en risco de sufrir violencia de xénero, se atopen nunha situación que lles impida afrontar o seu futuro dun xeito autónomo e independente do seu agresor.

Artigo 3º.-Natureza e contía das prestacións.

1. A prestación consiste nunha axuda económica destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, mentres subsistan as circunstancias polas que se concedeu a dita prestación.

2. A contía que poderá acadar esta prestación establécese en función dos ingresos da solicitante en relación co Indicador Público de Renda e Efectos Múltiples (IPREM) para o ano 2006 e calcularase de acordo coas seguintes especificacións:

a) Prestación de seiscentos euros (600 €) ao mes, ata o máximo de doce mensualidades, no suposto de que a beneficiaria perciba rendas de contía igual ou inferior ao IPREM ou no caso de que acredite unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

b) Prestación de catrocentos euros (400 €) ao mes, ata o máximo de doce mensualidades, cando perciba rendas superiores ao IPREM e iguais ou inferiores ao dobre do IPREM.

c) Douscentos euros (200 €) ao mes, ata o máximo de doce mensualidades, cando perciba entre o dobre e o triplo do IPREM.

3. As contías establecidas no parágrafo anterior incrementaranse en cincuenta euros (50 €) ao mes por cada filla/o menor de idade a cargo.

Artigo 4º.-Requisitos das solicitantes.

Serán requisitos necesarios para poder ser beneficiaria da prestación:

a) Ser muller, maior de idade ou emancipada.

b) Residir na Comunidade Autónoma de Galicia. Este requisito acreditarase co certificado de empareamento ou ben cun informe dos servizos sociais do concello que acredite a residencia en Galicia de xeito temporal por motivos de seguridade. As mulleres estranxeiras deberán acreditar a posesión do permiso de residencia.

c) Acreditar a situación de violencia cunha orde de protección xudicial ou informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia. Tamén se considera documento acreditativo o informe dos servizos sociais da Administración pública, autonómica ou local, e dos centros de acollida.

d) Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou ser de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor.

Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

A solicitude da prestación dirixirase á directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e presentarse segundo o modelo previsto no anexo I desta resolución, asinada pola solicitante, xunto coa seguinte documentación:

a) Copia compulsada do DNI da solicitante. No caso de solicitantes estranxeiras deberán achegar copia compulsada da tarxeta de identidade de estranxeira ou da tarxeta de residencia.

b) Declaración responsable de ingresos (anexo II) que comprende rendas do traballo, axudas ou subvencións públicas e similares. Para os efectos desta resolución non se considera o agresor membro integrante da unidade familiar da solicitante polo que as súas rendas individuais non se computan como rendas familiares.

c) Acreditación da conta bancaria da que a solicitante é titular, con expresión de códigos de entidade bancaria e sucursal, número da conta e dígito de control (anexo III).

d) Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero mediante orde de protección xudicial a favor da solicitante ditada en resolución xudicial, informe do Ministerio Fiscal ou informe dos servizos sociais correspondentes ou do centro de acollida, neste último caso empregárase o modelo establecido no anexo IV.

e) De ser o caso, acreditación de discapacidade co certificado expedido polas unidades correspondentes das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

f) De ser o caso, acreditación de fillas/os a cargo a través do libro de familia e o informe de servizos sociais ou sentenza xudicial de custodia.

g) Declaración de axudas públicas solicitadas ou concedidas (anexo V).

Artigo 6º.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes e tramitación.

1. As solicitudes presentarse no rexistro do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home

e da Muller ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación de solicitudes comeza a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución e rematará o 30 de novembro de 2006.

3. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación achegada conteña erros ou sexa insuficiente, o órgano competente requirirá a solicitante para que no prazo de dez (10) días, achegue os documentos preceptivos ou emende os erros detectados, con indicación de que, se así non o fixese no prazo indicado, se terá por desistida da súa petición, logo da correspondente resolución, ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 7º.-Comisión de valoración.

1. A directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller designará unha comisión de valoración que estará composta, polo menos, por tres membros, a presidenta, que será a secretaria do organismo, e dous vogais, actuando un deles como secretario. Se por calquera causa, no momento no que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe a directora do organismo.

2. Revisada a documentación e completada, se é o caso, remitirase á comisión de valoración, que terá a función de propoñer a concesión ou denegación das prestacións, de acordo cos requisitos exixidos nesta disposición. Con periodicidade mensual, a comisión de valoración presentará a proposta de resolución das solicitudes completas ata ese momento, sempre que nese período se completasen os trámites administrativos da solicitude referidos no artigo anterior.

Artigo 8º.-Resolución.

1. A resolución dos expedientes, unha vez fiscalizada a proposta da comisión de valoración pola intervención delegada, correspóndelle á directora do Servizo Galego de Igualdade.

2. O prazo máximo para resolver será de 6 meses que se computarán a partir do seguinte ao da presentación da solicitude. Transcorrido este prazo sen que recaese resolución expresa, entenderase desestimada.

3. A duración, contía e condicións das prestacións serán as que se especifiquen na resolución de concesión.

4. A directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller poderá modificar, suspender ou revogar as prestacións concedidas, previo procedemento e logo do informe da comisión de valoración, nos casos en que varíen as condicións que motivaron a concesión ou do incumprimento total ou parcial dos requisitos e condicións establecidos para ela.

5. As resolucións de concesión, denegación, modificación, suspensión e/ou revogación ditadas notificaránselles ás interesadas e terán que ser motivadas.

6. As resolucións ditadas esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes desde a súa notificación, de acordo co disposto no artigo 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 9º.-Pagamento das axudas.

1. O pagamento axustarase ao establecido no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo. A contía da axuda concedida aboaráselles ás solicitantes en pagamentos periódicos por mensualidades vencidas.

2. A partir do aboamento da terceira mensualidade, o órgano xestor constatará, a través do Punto de Coordinación de Ordes de Protección (PCOP), a vixencia das medidas xudiciais de protección, e con periodicidade trimestral, incorporará ao expediente a certificación de empadramento emitida polo órgano competente ou, de ser o caso, un informe dos servizos sociais ou do centro de acollida, co obxecto de acreditar que se mantén a finalidade que motivou a concesión da axuda.

3. O pagamento das prestacións reguladas nesta disposición farase unicamente na conta que as solicitantes fixesen constar no anexo III, debendo permanecer activa para estes efectos mentres non se teña constancia da finalización do expediente, non facéndose responsable a Administración da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas directamente imputables ás solicitantes.

4. Antes do derradeiro pagamento, a solicitante achegará unha declaración actualizada e complementaria da presentada coa solicitude, referente ao

conxunto de prestacións solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. Para presentar esta declaración empregárase o anexo V.

No prazo máximo de 15 días, contados desde a finalización do período máximo de percepción da prestación, a solicitante presentará unha declaración xurada na cal xustifique a prestación e que os fondos percibidos foron utilizados para os fins propostos.

Artigo 10º.-Obrigas das beneficiarias. Seguimento e control.

1. As beneficiarias da prestación quedan sometidas ao cumprimento das obrigas exixidas de conformidade co disposto no artigo 78.4º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e ás actuacións de comprobación que acorde o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller. Así mesmo, quedan obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

2. As beneficiarias quedan obrigadas a manter a residencia na comunidade autónoma durante a percepción da prestación e a comunicar, con carácter previo, calquera cambio de enderezo que se produza durante o mesmo período.

3. O seguimento das prestacións será realizado polo persoal especializado que determine a directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, e incidirá especialmente nos aspectos que se relacionan a continuación, ademais daqueles outros que o órgano designado considere salientables:

a) Avaliación e control da súa aplicación, que comprenderá, polo menos, os documentos referidos no artigo 9.2º desta disposición e un informe social que se presentará no último trimestre do ano, sobre a situación das beneficiarias. En todo caso, velarase polo cumprimento dos requisitos polos que se concede a prestación durante todo o período de percepción.

b) Apoio e orientación ás beneficiarias para acadar canto antes a súa plena autonomía.

Artigo 11º.-Compatibilidade, alteración e modificación.

1. As prestacións reguladas nesta disposición non serán compatibles coa percepción de calquera outra establecida tanto polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, como por calquera entidade privada destinadas ao mesmo fin.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da prestación e, en todo caso, a

obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión ou, no seu caso, á revogación.

Artigo 12º.-Revogación e reintegro.

Procederá a revogación da prestación concedida, ou a apertura de expediente declarativo de reintegro, total ou parcial, da prestación percibida e dos xuros de demora devengados desde o momento do seu pagamento nos casos establecidos no artigo 78.10º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, segundo a redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, nos seguintes termos:

a) Incumprimento da obriga de xustificación.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.

c) Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Disposicións adicionais

Primeira.-A concesión destas prestacións terá como límite global o crédito consignado no orzamento para esta convocatoria. Estas contías poderán incrementarse, previa publicación, de acordo coas posibilidades orzamentarias.

Segunda.-As beneficiarias estarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións nesta materia establece a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais; o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.-En aplicación do disposto no artigo 18.3º d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as concesións destas axudas non serán obxecto de publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller ditará as instrucións necesarias para o axeitado desenvolvemento e cumprimento desta resolución.

Segunda.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2006.

Ana Luisa Bouza Santiago
Directora do Servizo Galego de Promoción
da Igualdade do Home e da Muller

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO PRESTACIÓN ECONÓMICA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (SALARIO DA LIBERDADE)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP434A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA SOLICITANTE

APELIDOS		NOME		DNI / NIE	
DATA DE NACEMENTO	ENDEREZO				
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO		

A solicitante **DECLARA:**

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos, que non se omiten de datos, que coñece as posibles responsabilidades existentes nos supostos de ocultación, falseamento de datos ou de calquera outra actuación fraudulenta.

Que autoriza o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para solicitar a información adicional que considere necesaria para a axeitada estimación dos ingresos ou recursos económicos da unidade de convivencia independente e, en xeral, para completar o expediente administrativo dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes, xa sexa a través de acceso directo a bases de datos por medios telemáticos ou a través de solicitude por oficio ordinario.

Que considera reunir os requisitos exixidos e, con expresa aceptación de todos os termos expresados na convocatoria,

SOLICITA:

a prestación económica que se regula nesta resolución.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DO DNI DA SOLICITANTE.	<input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DE MINUSVALIDEZ.
<input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIDADE.	<input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DE FILLAS/OS A CARGO.
<input type="checkbox"/> COPIA COMPULSADA DA TARXETA DE RESIDENCIA.	<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE AXUDAS (ANEXO V).
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INGRESOS (ANEXO II).	
<input type="checkbox"/> FICHA DE DATOS BANCARIOS (ANEXO III).	
<input type="checkbox"/> ACREDITACIÓN DA CONDICIÓ DE VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO (ANEXO IV).	

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Resolución do 2 de marzo de 2006 pola que se regulan as bases para a concesión de prestacións periódicas de apoio a mulleres vítimas de violencia de xénero e se procede á súa convocatoria (salario da liberdade).</i></p>
<p>SINATURA DA SOLICITANTE</p> <p>_____</p> <p>_____ de _____ de 2006</p>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA SOLICITANTE

Dona _____ con DNI/NIE _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1) INGRESOS DAS PERSOAS CONVIVENTES (datos de todas as persoas residentes no domicilio da solicitante, incluíndo, se é o caso, os datos de todas as unidades de convivencia existentes nel).

1.1) Que o total dos ingresos actuais da solicitante e do resto de conviventes por retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios ou por calquera outro concepto, ascende a:

PERCEPTORA	CONCEPTO	CONTÍA MENSUAL	CONTÍA ANUAL

1.2) Que a solicitante e o resto das persoas conviventes dispoñen das seguintes cantidades en concepto de pagamento único, depósitos bancarios, contas correntes ou de aforro:

TITULAR	CONCEPTO	CONTÍA

1.3) Que a solicitante e o resto das persoas conviventes dispoñen dos seguintes bens mobles ou inmobles sobre os que posúen un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro de análoga natureza, con excepción da vivenda destinada ao seu uso:

TITULAR	CONCEPTO	VALOR

2) Que non dispoño de vivenda propia.

Que dispoño de vivenda propia da que xunto recibo de imposto sobre bens inmobles.

3)

3.1) Que me corresponden os seguintes dereitos de contido económico de acordo coa lexislación vixente (créditos legais, convencionais, pensións compensatorias, etc.): _____ e que

a) Si teño exercitadas as accións para o seu cobramento.

b) Non teño exercitadas as accións para o seu cobramento.

3.2) Que non me corresponde ningún dereito de contido económico de acordo coa lexislación vixente.

4) Que non me corresponde ningunha prestación ou axuda pública incompatible coa prestación.

5) Existen persoas legalmente obrigadas a prestar alimentos Si Non

Asdo.: _____

_____, de _____ de 200__

ANEXO V
DECLARACIÓN DE AXUDAS

Dona _____ con DNI _____

DECLARO:

Ter solicitado e/ou percibido as axudas ou subvencións das administracións ou entidades públicas ou organismos a elas vinculados ou dependentes que se indican:

ADMINISTRACIÓN, ORGANISMO, ENTE OU SOCIEDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU A AXUDA	CONCEPTO DA AXUDA	DATA DA SOLICITUDE	DATA DA CONCESIÓN	CONTÍA
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____

Non ter solicitado ou pecibido ningunha outra axuda das administracións ou entidades públicas competentes.

Asdo.: _____

_____, de _____ de 200__

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Orde do 21 de febreiro de 2006 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde, pola Orde do 12 de xaneiro de 2006 (DOG nº 17, do 25 de xaneiro), en uso das facultades e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería dispón resolver a citada convocatoria de acordo cos seguintes puntos:

Primeiro.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, ao funcionario que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro no que cause baixa o funcionario, así como daquel no que obteña praza, consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das que se dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2006.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

NRP: T06PG05A1824.

Grupo: A.

Apelidos e nome: Garrido Fernández, Manuel.

Posto de traballo: letrado-xefe.

Nivel: 30.

Código do posto: SA.S99.10.002.32001.001.

Centro directivo: Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde.

Localidade: Ourense.